



1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Rías Baixas. Sector: Costas do Son e Corrubedo. Municipio: Ribeira. Parroquias: Nosa Señora do Carme de Aguiño, excepto a esquina noroeste que pertence a San Paio de Carreira. Extensión: 2,5km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Saínte costeiro de natureza hercínica profundamente influenciado polas liñas de falla (NON-SE.), ao sur do complexo dunar de Corrubedo. Trátase dunha liña de costa rochosa, baixa e moi recortada, cuxo principal accidente morfolóxico é a Punta Falcoeiro. Inclúe os EIX Punta do Couso e Complexo sedimentario de Corrubedo.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Unidade composta, por completo, por unha granodiorita biotítica con megacristais de Idade tardihercínica. No Cuaternario, é necesario apuntar os depósitos de bloques e cantos, cuxa idade, sendo cuaternaria, non se pode aínda adscribir con seguridade e de forma xenérica para todos os casos.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Temperatura media anual por encima de 15°C, precipitacións acumuladas durante o ano de 1200mm a 1400mm, e oscilación térmica con valores medios entre 12,5°C e 13,5°C. Ambiente climático Cálido e Húmido.

OS SOLOS

Dominio dos chans tipo cambisol dístrico na maior parte da unidade fundamentalmente na chaira costeira. Tan só os sectores de maiores pendentes e moi erosionados da franxa costeira, onde aflora o substrato rochoso en superficie, presentan chans máis pobres e de escaso desenvolvemento, fundamentalmente regosois e leptosois líticos.


AS AUGAS

Este tramo costeiro recortado e con escaso desenvolvemento da chaira litoral non conta con arrosios que destaquen pola súa entidade. As pequenas vaguadas que forman a rede de drenaxe desembocan directamente nas principais enseadas da zona, como a da praia Penisqueira. As Augas Costeiras ás que se atopa adscrita esta unidade son as identificadas polo código 20101.

O PATRIMONIO NATURAL

Pertence ao IBA Contorna Mariña das Rías Baixas. O extremo N., área da Punta Bravo de Aguiño, incluído no Parque Natural de Corrubedo. Do extremo N. a Punta Falcoeiro, liña de costa e chaira costeira próxima protexidas polo LIC Complexo Húmido de Corrubedo. Dominio da costa rochosa baixa con hábitat 1230, cantís mariños atlánticos e o 1210 de vexetación anual sobre refugallos mariños acumulados pola abundancia de praias de cantos, bloques e area. Hai dunas remontantes e manto eólico nalgúns sectores e, en especial, tralas praias areosas, aparecendo así o grupo 21, dunas mariestafas atlánticas, con potencialidade para o 2230, dunas con céspedes de Malcolmietalia. No continente, alveolos e vaguadas mostran mínimos bosques de ribeira (91E0) xunto a prados higrófios (potencialmente 6420 e 6430). Na chaira costeira dominan as matogueiras secas, cos hábitats 4030 e 4040. Son frecuentes os afloramentos da planicie, co ambiente rochoso de pendentes con vexetación casmofítica (grupo 82).

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Franxa costeira con abundantes naves dedicadas ao sector conserveiro. Altéranse as zonas rochosas e as praias de cantos e pequenos areais. Masas de matogueira costeira e piñeirais. Aproveitouse o acubillo dun destes piñeirais para crear unha área recreativa.

MORFOLOXÍA

Vivendas unifamiliares de planta e baixo con parcela de uso non agrícola asociada na periferia da unidade, son asentamentos espontáneos próximos aos núcleos de Aguiño e de Couso. Na franxa costeira naves industriais con instalacións propias da industria conserveira.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

Existe unha rede de camiños que se estrutura desde outras vías principais e transcorren transversalmente ao litoral por entre as masas de piñeirais e matogueira costeira existente e dan paso ás vivendas e ás naves situadas na franxa litoral.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Destacan o xacemento de Punta Sendón, o Castro de Vos Pericos e unha área de actividade en Porto da Covaxa.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Paisaxe alisada situada ao sur da península á que pertence, caracterizada morfoloxicamente e funcionalmente polo uso conserveiro que altera unha contorna que doutra maneira respondería a un espazo costeiro aberto e natural, formado por praias de cantos e pequenos areais. Destacan as puntas de Area Basta e Falcoeiro ao sur.

DINÁMICA DA PAISAXE

Paisaxe alterada polo uso industrial que provocou a perda do valor turístico dos areais existentes. A cuadrícula que formaba o parcelario dedicado ao uso agropecuario practicamente desapareceu para deixar paso ao uso residencial con asentamentos espontáneos periféricos ao núcleo de Aguiño, esta situación favoreceu tamén o crecemento da escasa masa forestal existente entón. Mellorouse a rede de camiños existentes e creáronse ligazóns entre os mesmos, abrigo para dar acceso á proliferación de naves dedicadas á industria conserveira, pertencente á actividade que máis se desenvolveu nesta beira da ría de Arousa.


RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

Unidade de alto valor e ecolóxico polo feito de estar na área de influencia dun espazo natural. A franxa costeira oeste está afectada por varias proteccións: dentro a Rede de Espazos Naturais, a Rede Natura 2000, o Convenio RAMSAR na área noroeste da unidade, tamén se inclueu os Espazos de Interés xeomorfolóxico e principalmente debido á súa pertenza ao IBA Contorna Mariña das Rías Baixas. Desde o extremo norte, área da Punta Bravo de Aguiño, incluído no Parque Natural de Corrubedo. Do extremo norte a Punta Falcoeiro, liña de costa e chaira costeira próxima protexidas polo LIC Complexo Húmido de Corrubedo.. Paisaxe achandado que ofrece unha ampla visibilidade por ser o extremo da península de Ribeira, envexable punto de observación desde as Puntas de Falcoeiro, Area Basta e a de Perico ou Couso, destacar a intervisibilidade do archipélago de Sálvora, e a enseada do areal de Corrubedo, así como a marxe oposta da ría de Arousa e a liña do horizonte. Como patrimonio arqueolóxico destacan a mámoa de Pedras Bermellas, o Castro de Vos Pericos e unha área de actividade en Porto da Covaxa.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE RECUALIFICACIÓN

Fachada litoral comprendida entre Punta Graña e Punta Falcoeiro, co obxectivo de ordenar os usos do solos e crear unha zona de industrial de uso conserveiro que evite a aparición de usos industriais dispersos ao longo da costa deste sector.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

- | |
|--|
|  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional |
|  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico |
|  Asentamento funcional / Asentamiento funcional |
|  Agregado urbano / Agregado urbano |
|  Nova agrupación / Nueva agrupación |
|  Outras edificacións / Otras edificaciones |

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

- | |
|---|
|  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural |
|  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima |
|  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico |
|  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico |
|  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia |
|  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos |
|  Puntos de observación / Puntos de observación |
|  Faros / Faros |

Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos












Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

Espazos de interese / Espacios de interés

- | |
|---|
|  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico |
|  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón |
|  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico |
|  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera |
|  Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales |
|  Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral |

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

- | |
|---|
|  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria |
|  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje |
|  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto |
|  Zona portuaria / Zona portuaria |
|  Ferrocarril / Ferrocarril |
|  AVE / AVE |
|  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías |
|  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas |
|  Outras estradas / Otras carreteras |
|  Pistas e camiños / Pistas y caminos |
|  EDAR / EDAR |



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



